



| Guía Docente          |  |                    |                           |           |
|-----------------------|--|--------------------|---------------------------|-----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                           | 2021/22   |
| Asignatura (*)        | Ortesiología Dixital e Calzadoterapia  |                    | Código                    | 750G02117 |
| Titulación            | Grao en Podoloxía  |                    |                           |           |
| Descritores           |  |                    |                           |           |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo                      | Créditos  |
| Grao                  | 2º cuatrimestre  | Segundo            | Obrigatoria               | 6         |
| Idioma                | Galego   |                    |                           |           |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                           |           |
| Prerrequisitos        |  |                    |                           |           |
| Departamento          | Ciencias da Saúde  |                    |                           |           |
| Coordinación          | López López, Daniel  | Correo electrónico | daniel.lopez.lopez@udc.es |           |
| Profesorado           | López López, Daniel  | Correo electrónico | daniel.lopez.lopez@udc.es |           |
| Web                   | campusvirtual.udc.gal/   |                    |                           |           |
| Descrición xeral      | <p>A asignatura de ortesiología dixital e calzadoterapia posee unha clara importancia de cara a que o alumnado desenrole coñecementos, habilidades e destrezas importantes no proceso ensinanza ? aprendizaxe do seu proceso formador para mellorar a saúde das persoas.</p> <p>O valor é moi significativo para o futuro podólogo, de cara a comprender, actuar e profundizar no campo terapéutico da ortoprótesis, no uso e a indicación de produtos sanitarios podolóxicos, proporcionándolle unha formación básica de coñecementos teóricos e destrezas prácticas, co fin de que adquira as competencias básicas relacionadas ca prescripción, deseño e obtención das principais orteses dixitales e próteses do pe e coñeza a súa relación co resto do membro inferior.</p> <p>Mediante a prescripción de dispositivos orto-protésicos a medida ou prefabricados, numerosos estudos demostraron a eficacia destes dispositivos tanto na redución da sintomatoloxía, como na recuperación da funcionalidade de diversas situacións patolóxicas debidas a alteracións estruturais ou funcionais do pe ou dalgunha outra estrutura do membro inferior.</p> |                    |                           |           |



|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Plan de continxencia</b> | <p>1. Modificacións nos contidos.<br/>? Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías.<br/>*Metodoloxías docentes que se manteñen:<br/>- Sesión maxistral.<br/>- Foro Virtual.<br/>- Atención personalizada.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican:<br/>? Seminarios a través do Moodle (computa na avaliación). As actividades relacionadas cos seminarios consistirán en traballos tutelados a entregar a través da plataforma de teleensinanza moodle.<br/>? Prácticas de Laboratorio a través do Moodle (computa na avaliación). As actividades relacionadas cas prácticas de laboratorio consistirán en traballos tutelados a entregar a través da plataforma de teleensinanza moodle.<br/>? Proba Mixta a través do Moodle (computa na avaliación).</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado.<br/>? Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento das metodoloxías de aprendizaxe previstas na materia.<br/>? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado a través do Foro Virtual.<br/>? Teams: sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e prácticos. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación.<br/>? Non se realizarán cambios.<br/>*Observacións de avaliación.<br/>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía.<br/>? Non se realizarán cambios</p> |
|-----------------------------|--|

## Competencias do título

| Código | Competencias do título  |
|--------|---|
| A103   | CE39 - Coñecer e desenvolver as técnicas de exploración, para emitir un diagnóstico e prognóstico, e deseñar o plan de tratamento ortopodolóxico de acordo aos obxectivos terapéuticos  |
| A104   | CE40 - Desenvolver a habilidade e destreza no uso do instrumental, material e maquinaria empregados para a confección e aplicación de tratamentos ortopodolóxicos identificando os riscos derivados da actividade e implementando as medidas de seguridade necesarias |
| A106   | CE42 -Obter os coñecementos e capacidade para deseñar, obter e aplicar as orteses plantares, ortesis dixitais, próteses e férulas mediante o uso de diferentes técnicas e materiais   |
| A108   | CE44 - Coñecer e diferenciar as propiedades dos materiais utilizados na confección ortoprotésica  |
| A110   | CE46 - Adquirir a capacidade de prescribir tratamentos ortopédicos da extremidade inferior  |
| A111   | CE47 - Coñecer e aplicar os principios da calzadoterapia, diferenciar as partes, os elementos e os diferentes tipos de calzado  |
| B25    | CB3 -- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética                            |
| B26    | CB4 -Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado  |
| B27    | CB5 -Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía  |
| B28    | CG01 - Coñecer e aplicar os fundamentos teóricos e metodolóxicos da Podoloxía e Podiatría   |



|     |  |
|-----|--|
| B29 | CG02 - Coñecer a estrutura e función do corpo humano en especial da extremidade inferior, semioloxía, mecanismos, causas e manifestacións xerais da enfermidade e métodos de diagnóstico dos procesos patolóxicos médicos e cirúrxicos, interrelacionando a patoloxía xeral coa patoloxía do pé.                 |
| B30 | CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, físico, farmacolóxico, preventivo e/ou educativo, baseado na Historia clínica |
| B36 | CG09 -Valorar de forma crítica a terminoloxía, ensaios clínicos e metodoloxía utilizados na investigación relacionada coa podoloxía  |
| B39 | CG12 -Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativo en contornas interdisciplinares   |
| C9  | CT01 - - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma   |
| C11 | CT03 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida  |
| C12 | CT04 -Desenvolver o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero   |
| C16 | CT08 - V- Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade   |
| C17 | CT09 -Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos  |

| Resultados da aprendizaxe   |                        |                   |           |
|---|------------------------|-------------------|-----------|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias do título |                   |           |
| Deseñar, obter e aplicar mediante diferentes técnicas as orteses plantares e dixitais.  | A103                   | B28<br>B29        | C16       |
| Prescribir e aplicar orteses plantares e dixitas nas afeccións podolóxicas morfolóxicas e funcionais.   | A106<br>A108           | B30               | C17       |
| Deseñar, obter e aplicar mediante diferentes técnicas e materiais as orteses plantares e ortesis dixitais, próteses, férulas. Ortesiología plantar e dixital. Estudo do calzado e calzadoterapia. Prescripción de tratamentos ortopédicos da extremidade inferior.  | A110<br>A111           | B26<br>B27        | C11       |
| Coñecer e desenvolver as técnicas de exploración, para emitir un diagnóstico e pronóstico, e deseñar o plan de tratamento ortopodolóxico da patoloxía da extremidade inferior. Traumatismos óseos e músculo ligamentosos. Patoloxía do antepé e do retropé. Deformidades conxénitas. Lesións neurolóxicas. Amputacións. Asimetrías. | A104                   | B25<br>B36<br>B39 | C9<br>C12 |

| Contidos  |   |
|---|---|
| Temas   | Subtemas  |
| 1. Fundamentos da Ortesiología Dixital.                 | a) Introducción á ortesiología dixital.<br>b) Marco actual da ortesiología dixital.   |
| 2. Materiais necesarios para a elaboración das orteses. | a) Silicona.<br>b) Catalizador.<br>c) Aditivos ou cargas.<br>d) Materiais auxiliares ou accesorios.   |
| 3.Elaboración de orteses de silicona.                   | a) Pasos previos: consideracións.<br>b) Protocolo.<br>c) Recomendacións e normas de uso para o paciente.<br>d) Manipulación e tempos de traballo.<br>e) Evaluación da orteses de silicona.<br>f) Fracasos na orteses de silicona. |
| 4. Elementos terapéuticos das orteses de silicona.      | a) Descrición de elementos que compoñen a ortese de silicona.<br>b) Orteses dixitais máis frecuentes.   |
| 5. Aplicación terapéutica das Orteses Dixitais.         | a) Efecto biomecánico.<br>b) Aplicación terapéutica.  |



|   |   |
|---|---|
| 6. Ortesiología Ungular.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Efecto biomecánico.</li> <li>b) Aplicación terapéutica.</li> <li>c) Introducción á ortesiología unguar.</li> <li>d) Elaboración de órteses ungulares.</li> <li>e) Aplicación terapéutica.</li> </ul>  |
| 7. Introducción á calzadoterapia.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Partes do calzado: sola e corte.</li> <li>b) Formas do calzado.</li> </ul>  |
| 8. Dispositivos terapéuticos no Calzado.                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Modificacións externas: tacóns, cuñas, alzas Axuste do calzado.</li> <li>b) Gradación de tallas e sistemas de numeración.</li> </ul>  |
| 9. Características do calzado dacordo cos diferentes grupos de poboación. | <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Calzado convencional para adultos.</li> <li>b) Calzado convencional infantil.</li> <li>c) Calzado doméstico.</li> <li>d) Calzado laboral.</li> <li>e) Calzado especial para órteses plantares.</li> <li>f) Calzado especial infantil.</li> <li>g) Calzado especial para pés deformados ou xeriátricos e con enfermidade vascular periférica.</li> <li>h) Calzado postoperatorio.</li> </ul> |
| 10. Tipos de Calzado.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Escarpín ou zapato de salón.</li> <li>b) Mocasín.</li> <li>c) Derby Oxford ou zapato de vestir.</li> <li>d) Botas. Botíns.</li> <li>e) Babuchas, chinelas e alpargatas.</li> </ul>  |
| 11. Accesorios e calzado.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Calcetíns con e sen compresión.</li> <li>b) Medias, panties e graduacións.</li> <li>c) Protectores de nocello con e sen estabilización.</li> <li>d) Salvapés.</li> </ul>  |

| Planificación            |                                   |                   |   |              |
|--------------------------|-----------------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas    | Competencias                      | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Proba mixta              | A106 A110 B28                     | 2                 | 28  | 30           |
| Sesión maxistral         | A103 A108 A111 B29                | 21                | 32  | 53           |
| Seminario                | B25 B26 B30 B39 C9<br>C11 C16 C17 | 7                 | 14  | 21           |
| Prácticas de laboratorio | A104 B27 B36 C12                  | 18                | 18  | 36           |
| Atención personalizada   |                                   | 10                | 0   | 10           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías |  |
|--------------|--|
| Metodoloxías | Descrición   |
| Proba mixta  | <p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas, relacionadas cos contidos desenvolvidos nas sesións maxistrais, os seminarios e as prácticas de laboratorio.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p> |



|                          |  |
|--------------------------|--|
| Sesión maxistral         | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.<br>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |
| Seminario                | Nos seminarios trátanse temas específicos das unidades didácticas do temario da materia. Sobre os devanditos temas desenvolveranse actividades en grupo que se entregarán a través da plataforma de teleensino Moodle, para a súa posterior exposición nos seminarios da materia.  |
| Prácticas de laboratorio | Metodoloxía que permite ao alumnado aprender habilidades e destrezas a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías   | Descrición   |
|--|--|
| Seminario<br>Prácticas de laboratorio<br>Proba mixta<br>Sesión maxistral | A atención personalizada está destinada a resolver as cuestións relacionadas cas diferentes metodoloxías e/ou os contidos da materia.<br><br>A atención presencial desenvolverase de forma programada nos horarios de atención ao alumnado por parte do profesorado; canto á virtual, efectuarase a través do foro virtual da plataforma de teleensinanza moodle.<br><br>Asemade o alumnado terá a posibilidade de conquistar titorías a maiores do horario establecido previo acordo co profesorado da materia e solicitude mediante enderezo electrónico no caso de que fose posible e non interfira nas actividades académicas asignadas. |

### Avaliación

| Metodoloxías | Competencias                      | Descrición  | Cualificación |
|--------------|-----------------------------------|---|---------------|
| Seminario    | B25 B26 B30 B39 C9<br>C11 C16 C17 | A calificación de cada actividade de seminario se cuantificará nun rango de entre 0 e 0.5 puntos. Cada ítem incorrecto ou que non se inclúa dos que aparecen nos aspectos formais de cada seminario (título da actividade, datos do autor, elaborar tódolos apartados da actividade, evitar faltas de ortografía, texto escrito en letra arial de tamaño 12, ás marxes de 2,5 cm, párrafos xustificados, sen sangría inicial, con espaciado cero, interliñado a dobre espazo, número total de palabras do documento, tempo utilizado para realizar a actividade, texto paxinado e con números centrados no encabezado, o pé de páxina debe incluír o título do traballo centrado, que non ocupará máis dunha liña, as referencias bibliográficas utilizarán a normativa Vancouver, documento presentará un número de entre 1.500 a 2.500 palabras, o formato de entrega do documento será en .doc tendo un factor reductor na nota do 50% a presentación en outros formatos (Ex. .pdf, .jpg) da actividade descontará un 0.1 da calificación a obter na actividade. | 15            |



|                          |                  |   |    |
|--------------------------|------------------|---|----|
| Prácticas de laboratorio | A104 B27 B36 C12 | <p>A asistencia ás prácticas de laboratorio é obrigatoria na súa totalidade para superar a materia.</p> <p>A puntuación se cuantificará nun rango de entre 0 e 0.5 puntos, onde o alumnado respostará a catro preguntas relacionadas cos instrumentos de técnica de elaboración do produto sanitario, acompañado ca realización práctica da aplicación do tratamento e o seu posterior informe correspondente (máximo unha carilla). As preguntas teñen un valor de 0.2 puntos, a técnica terapéutica 0.2 puntos e o informe 0.1 puntos.</p> <p>Para obter o apto/a nas prácticas de laboratorio debe contestarse ou realizarse correctamente o 50% das actividades e/ou preguntas do exame, alén de ter asistido á totalidade das prácticas.</p>   | 20 |
| Proba mixta              | A106 A110 B28    | <p>Exame de 30 preguntas test. As preguntas test conteñen unha única resposta correcta. En caso de existir dúas ou máis respostas que poidesen considerarse correctas, a resposta correcta única será aquela que sexa máis completa ou elimine aspectos contradictorios. Cada dúas preguntas non acertadas eliminan unha resposta acertada. As preguntas en blanco no restan. Tódalas respostas deben de respostarse na plantilla.</p> <p>Non se terán en conta aquelas respostas que non figuren na plantilla. As respostas deben marcarse na plantilla cunha X, que abarquen todo o cadro da resposta seleccionada.</p> <p>Se eliminarán todas as respostas da plantilla que conteñan máis dunha resposta ou conteñan borróns ou tachaduras que xeren incertidume sobre cal foi a resposta marcada. Cada pregunta ten un valor de 0,15 puntos.</p> <p>En canto, as preguntas abertas deben respostarse con letra lexible en cualquiera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Para ser puntuada, a resposta debe de respostar a pregunta de forma completa, ceñíndose á pregunta plantexada e tratando de non abarcar máis espazo do dispoñible.</p> | 65 |

## Observacións avaliación



Na presentación da materia Ortesiología Dixital e Calzadoterapia explicarase sucintamente o programa e as normas para a súa avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario que establece a Universidade da Coruña, modificada polo Consello de Goberno de 29 de xuño de 2017 e que no seu artigo 14 indica o seguinte:

## 1) COMISIÓN DE FRAUDE E RESPONSABILIDADES DISCIPLINARIAS:

1.1. Se durante a realización dunha proba de avaliación o profesorado responsable teñen coñecemento da quebra dos principios de decoro, legalidade ou mérito individual tales como o uso de documentos ou instrumentos non permitidos, acopia ou intento de copia dos resultados obtidos por compañeiros, a comunicación entre estudantado ou un comportamento impropio, procederá a expulsión inmediata do estudante da proba de avaliación e redactarase unha acta cos motivos, que se enviará ao decano ou director xunto coas verificacións documentais que estime oportunas para a súa valoración. Todo, sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese proceder de acordo coa cualificación da falta cometida polo alumno infractor. 1.2. Queda prohibido o acceso á realización das probas de avaliación con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles acesos, non expresamente autorizados polo profesorado responsable, o cal será causa suficiente de expulsión da proba, logo de redactar a acta correspondente que se enviará ao centro. 1.3. A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia. 1.4. Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

## 2. PRIMEIRA OPORTUNIDADE CONVOCATORIA ORDINARIA

2.1. Cómpre asistir ao 80% das clases de leccións maxistras e dos seminarios, así como realizar as actividades propostas e obter unha puntuación total, nunha escala numérica de 1-10, dun 5 (apto/a). A devandita puntuación só computará no caso de superar na súa totalidade a proba mixta.

2.2. Cómpre asistir ao 80% das prácticas de laboratorio, así como realizar as actividades propostas e obter unha puntuación total, nunha escala numérica de 1-10, dun 5 (apto/a). A devandita puntuación só computará no caso de superar na súa totalidade a proba mixta.

2.3. A proba mixta escrita constará dunha parte con preguntas de tipo test e outra parte con preguntas curtas. Para superala deberá obterse unha puntuación total, nunha escala numérica de 1-10, dun 5 (apto/a) en cada unha das dúas partes que integran a proba.

2.4. O alumnado que obteña a máxima nota final da materia na primeira convocatoria, por enriba do 9.5 puntos acadará a calificación de matrícula de honra.

No caso, de que exista empate entre o alumnado na calificación por enriba de 9.5 puntos, acadará a calificación de matrícula de honra o que entregara o exame da proba mixta no menor tempo posible.

## 3. SEGUNDA CONVOCATORIA ORDINARIA, OPORTUNIDADE ADIANTADA E SUCESIVAS CONVOCATORIAS:

3.1. Cómpre obter na proba mixta (test e preguntas curtas) unha puntuación total, nunha escala numérica de 1-10, dun 5 (apto/a) en cada unha das dúas partes que integran a proba mixta.

3.2. As calificacións dos seminarios e dos laboratorios non computarán aínda que será necesario ter superadas as actividades para aprobar a materia en sucesivas convocatorias.

## 4. ALUMNADO DE MATRÍCULA PARCIAL:

4.1. Cómpre obter na proba mixta (test e preguntas curtas) unha puntuación total, nunha escala numérica de 1-10, dun 5 (apto/a) en cada unha das dúas partes que integran a proba mixta, sendo a porcentaxe da cualificación un 60% da nota final.

4.2. Cómpre realizar unha proba práctica de laboratorio e obter unha puntuación total, nunha escala numérica de 1-10, dun 5 (apto/a), sendo a porcentaxe da cualificación un 40% da nota final. A devandita puntuación só computará no caso de superar na súa totalidade a proba mixta.

## 5. CALIFICACIÓN NON PRESENTADO

5.1. O alumnado que non asista as prácticas de laboratorio, seminarios ou a proba mixta na convocatoria establecida para avaliación outorgarase automaticamente a calificación de non presentado.



## Bibliografía básica

- Álvarez-Calderón O, Alonso F, López D, Gómez B, Sánchez R (2008). Análisis del calzado en una población mayor de 60 años. . Revista Internacional de Ciencias Podológicas, 2 (1), 19-26.
- López D (2011). Podología y Salud: Un análisis de las representaciones sociales de las enfermedades del pie desde una perspectiva psicosocial.. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Gordillo-Fernández A (2006). Fabricación a medida de productos sanitarios ortopodológicos en la Comunidad Valenciana.. Valencia: Generalitat Valenciana, Consellería de Sanitat-Agencia Valenciana de Salut
- Queralt M<sup>a</sup> (2004). Manual de Técnicas en Ortopodología.. Barcelona: Ediciones Especializadas Europeas
- Levy AE, Cortés JM (2003). Ortopodología y Aparato Locomotor. Ortopedia de pie y tobillo.. Barcelona: Masson
- Vázquez B (2009). Manual de Ortopodología.. Barcelona: Ediciones Especializadas Europeas
- Philips JW. (1995). The functional foot orthosis.. New York: Churchill Livingstone
- López-López D, Araújo R, Losa-Iglesias ME, Becerro-de-Bengoa-Vallejo R, Santos A, Rodríguez-Sanz D, (2018). Influence of custom foot orthoses on venous status: A quasi-experimental study. J Mech Behav Biomed Mater. 2018 Mar;79:235-238
- Prat J (1999). Introducción a la Ortoprotésica. Guía de uso y prescripción de productos ortoprotésicos a medida.. Valencia: Instituto Biomecánico de Valencia
- Prat J (1999). Ortesis plantares y calzado ortopédico a medida. Guía de uso y prescripción de productos ortoprotésicos a medida.. Valencia: Instituto Biomecánico de Valencia
- Pratt D, Tollafield D (2007). Una introducción a las terapéuticas mecánicas. En: Turner WA, Merriman LM. Habilidades clínicas para el tratamiento del pie. . Madrid: Elsevier
- Richie D (2007). Orthotics. In: Di Giovanni C, Greisberg J. Coordinadores. Foot & Ankle: Core Knowledge in Orthopaedics. . Philadelphia: Elsevier; 2007.
- Donatelli R, Wooden M (1996). Biomechanical orthotics. In: Donatelli R. Coordinador. Biomechanics of the foot and ankle. 2<sup>a</sup> ed. . Philadelphia: F.A. Davis Company
- Palomo-López P, Becerro-de-Bengoa-Vallejo R, Losa-Iglesias ME, Rodríguez-Sanz D, Calvo-Lobo C, López (2017). Footwear used by older people and a history of hyperkeratotic lesions on the foot: A prospective observational study. Medicine (Baltimore). 2017 Apr;96(15):e6623
- Roca-Dols A, Losa-Iglesias ME, Sánchez-Gómez R, Becerro-de-Bengoa-Vallejo R, López-López D, Rodríguez (2018). Effect of the cushioning running shoes in ground contact time of phases of gait.. J Mech Behav Biomed Mater. 2018 Dec;88:196-200
- Roca-Dols A, Losa-Iglesias ME, Sánchez-Gómez R, Becerro-de-Bengoa-Vallejo R, López-López D, Palomo-L (2018). Electromyography activity of triceps surae and tibialis anterior muscles related to various sports shoes. J Mech Behav Biomed Mater. 2018 Oct;86:158-171
- Losito J (1996). Impression casting techniques. In: Valmassy R. Coordinador. Clinical biomechanics of the lower extremities. . Missouri: Mosby
- Jones L (1996). Prescription writing for functional and accommodative foot orthoses. In: Valmassy R. Coordinador. Clinical biomechanics of the lower extremities. . Missouri: Mosby
- Olson W (1996). Orthotic materials. In: Valmassy R. Coordinador. Clinical biomechanics of the lower extremities.. Missouri: Mosby
- Kirby K (1996). Troubleshooting functional foot orthoses. In: Valmassy R. Coordinador. Clinical biomechanics of the lower extremities. . Missouri: Mosby
- Whitney A, Whitney K. (2006). Padding and Taping Therapy. In: Levy L, Hetherington V. Editors. Principles and practice of Podiatric Medicine.. Maryland: Data Trace PC
- Janeiro JM, Alonso F, Bouzas MC, Calleja J, López L (2002). Orígenes de las Siliconas. El Peu Vol. 22 (1) 32-35
- Tovaruela-Carrión N, Becerro-de-Bengoa-Vallejo R, Losa-Iglesias ME, Palomo-López P, Munuera-Martínez (2018). Accurately Determining Proper Shoe Size in Patients With Rheumatoid Arthritis. Rehabil Nurs. 2018 Sep/Oct;43(5):285-289
- Roca-Dols A, Losa-Iglesias ME, Sánchez-Gómez R, López-López D, Becerro-de-Bengoa-Vallejo R, Calvo-Lo (2018). Electromyography comparison of the effects of various footwear in the activity patterns of the peroneus longus and brevis muscles. J Mech Behav Biomed Mater. 2018 Jun;82:126-132
- López D, Cosín J, Álvarez-Calderón O, Cosín E, Barriuso M, López L (2006). Aplicación de un tratamiento





- ortesiológico en una malformación del miembro inferior: a propósito de un caso. *Revista española de podología*, 17 (4) 170-176
- Calvo-Lobo C, Ramos García A, Losa Iglesias ME, López-López D, Rodríguez-Sanz D, Romero-Morales C, B (2018). The Relationship between Shoe Fitting and Foot Health of Persons with Down Syndrome: A Case Control Study.. *Int J Environ Res Public Health*. 2018 May 14;15(5). pii: E983
  - Munuera PV (2009). *El primer radio biomecánica y ortopodología*. Santander: Exa Editores S.L.
  - Rodríguez-Sanz D, Becerro-de-Bengoa-Vallejo R, Losa-Iglesias ME, Martínez-Jiménez EM, Muñoz-García D (2018). Effects of Compressive Stockings and Standard Stockings in Skin Temperature and Pressure Pain Threshold in Runners with Functional Ankle Equinus Condition.. *J Clin Med*. 2018 Nov 21;7(11). pii: E454
  - Kerrigan DC, Franz JR, Keenan GS, Dicharry J, Della Croce U, Wilder RP (2009). The effect of running shoes on lower extremity joint torques.. *Journal American Academy of Physical Medicine and Rehabilitation*, 1(12), 1058-63.
  - López D, Ramos J, Alonso F, García R (2012). *Manual de Podología*. Conceptos, Organización Psicológica y Práctica Clínica. . Madrid: CERSA.
  - López-López D, Expósito-Casabella Y, Losa-Iglesias M, Bengoa-Vallejo RB, Saleta-Canosa JL, Alonso-Ta (2016). Impact of shoe size in a sample of elderly individuals.. *Rev Assoc Med Bras (1992)*. 2016 Nov;62(8):789-794
  - Casado-Hernández I, Becerro-de-Bengoa-Vallejo R, López-López D, Gómez-Bernal A, Losa-Iglesias ME (2018). Aluminum foot insoles reduce plantar forefoot pressure and increase foot comfort for motorcyclists. *Prosthet Orthot Int*. 2018 Dec;42(6):606-611
  - López López D, Losa Iglesias ME, Becerro de Bengoa Vallejo R, Palomo López P, Morales Ponce Á, Soria (2015). Optimal choice of footwear in the elderly population.. *Geriatr Nurs*. 2015 Nov-Dec;36(6):458-61
  - Sánchez-Sáez JM, Palomo-López P, Becerro-de-Bengoa-Vallejo R, Calvo-Lobo C, Losa-Iglesias ME, López- (). Stability of Three Different Sanitary Shoes on Healthcare Workers: A Cross-Sectional Study. *Int J Environ Res Public Health*. 2019 Jun 16;16(12). pii: E2126
  - Casado-Hernández I, Becerro-de-Bengoa-Vallejo R, Losa-Iglesias ME, López-López D, Rodríguez-Sanz D, (2019). Electromyographic Evaluation of the Impacts of Different Insoles in the Activity Patterns of the Lower Limb Muscles during Sport Motorcycling: A Cross-Over Trial. *Sensors (Basel)*. 2019 May 15;19(10). pii: E2249
  - Sánchez-Gómez R, Bengoa-Vallejo RB, Losa-Iglesias ME, Calvo-Lobo C, Romero-Morales C, Martínez-Jimén (2019). Heel Height as an Etiology of Hallux Abductus Valgus Development: An electromagnetic Static and Dynamic First Metatarsophalangeal Joint Study.. *Sensors (Basel)*. 2019 Mar 16;19(6). pii: E1328



|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>- Kirby K. (1998). Foot and lower extremities biomechanics: A ten year collection of precision intricast newsletters.. Arizona: Precision Intricast Inc</li><li>- Kirby K. (2003). Foot and lower extremities biomechanics II. Precision intricast newsletters, 1997-2002.. Arizona: Precision Intricast Inc</li><li>- Kirby K. (2009). Foot and lower extremities biomechanics III. Precision intricast newsletters, 2002-2008.. Arizona: Precision Intricast Inc</li><li>- Williams A, Nester C (2010). The pocket podiatry guide: footwear and foot orthoses.. London: Churchill Livingstone Elsevier</li><li>- Kirby, K. A. (2000). Biomechanics of the normal and abnormal foot. . JAPMA, 90 (1), 30-35.</li></ul> |
|------------------------------------|---|

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía xeral/750G02103  
Biomecánica do Membro Inferior/750G02111  
Podoloxía xeral /750G02110  
Ortopodoloxía I/750G02115

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Patoloxía Podolóxica I/750G02119  
Ortopodoloxía II/750G02116

### Materias que continúan o temario

Traballo Fin de Grao/750G02133  
Prácticum II/750G02135  
Prácticum III/750G02136  
Prácticum I/750G02134  
Podoloxía Preventiva /750G02114  
Ortopodoloxía Clínica/750G02118  
Podoloxía Deportiva/750G02123  
Pé de Risco/750G02131

## Observacións

Para o seguemento das diferentes metodoloxías na aula da materia recoméndase a utilización dun ordenador portátil que dispoña de conexión wifi. Asemade, ca finalidade de conquistar unha contorna inmediata sustentable e cumprir o obxectivo estratéxico; do Plan de Sustentabilidade Medio-ambiental Green Campus FEP, tódolos traballos documentais que se realicen nesta materia serán entregados a través de Moodle, en formato dixital, sen necesidade de imprimilos. De realizarse en papel teranse en conta as seguintes cuestións que aparecen a continuación:- Non se empregarán plásticos.- Realizaráanse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitaranse imprimir borradores.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías